



D. Javier Alvelo Fraguera  
Rúa das Abilleiras nº 1, 3º F  
Pontevedra

**ASUNTO:** Realización da 6ª proba da XVIII liga galega de orientación no lugar de Nerga-Donón no concello de Cangas.

## FEITOS

- 1.- D. Javier Alvelo Fraguera, en representación do clube Montañeiros de Pontevedra solicita autorización para realizar a 6ª proba da XVIII liga galega de orientación no lugar de Nerga-Donón, no concello de Cangas que terá lugar o próximo dia 20 de xuño. O evento dará comezo ás 10:30 e calcúlase que rematará ó redor das 14:00 h.
- 2.- Examinada a documentación presentada, constátase que parte da zona de actuación atópase situada dentro dos límites da zona de especial protección dos valores naturais **Costa da Vela**.

## VALORACIÓN DAS ACTUACIÓNS SOBRE O MEDIO NATURAL

O lugar da actuación caracterízase pola presenza de hábitats de interese comunitario 4030 e 4090 (Urceiras), 2120 (dunas móbiles con *Ammophila arenaria*), 2110 (dunas móbiles con vexetación embrionaria), 2133 (Dunas de *Crucianellion maritima*).

Unha vez analizada a posible afección das mesmas sobre os valores naturais do espazo protexido, conclúese que esta podería producir algúna alteración sobre os hábitats naturais e sobre a flora e fauna silvestres, que determinaron a declaración deste espazo natural como protexido, que deberá ser avaliado por persoal do Servizo de Conservación da Natureza, durante o transcurso da mesma.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Parte do evento transcorre dentro do **espazo natural protexido Costa da Vela**, declarado Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) para a conformación da Rede Europea Natura 2000, e declarado **zona de especial protección dos valores naturais**, segundo establece o **Anexo I do artigo 1º do Decreto 72/2004**, do 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais, quedando regulados polo **artigo 16 da Lei 9/2001, do 21 de agosto**, de conservación da natureza, definíndoos como aqueles espazos que polos seus valores ou intereses naturais, culturais, científicos, educativos ou paisaxístico sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica.

II.- De acordo co **artigo 2.1 e 2.2 do Decreto 72/2004**, e segundo establece o **artigo 16.2 da Lei 9/2001, do 21 de agosto**, de conservación da natureza, os usos e actividades que se viñan realizando nestes espazos e que non vulneren os seus valores naturais, pódense seguir levando a cabo, do xeito tradicional, precisando a realización de actividades non previstas anteriormente, e que poidan poñer en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos da autorización previa da Consellería competente en conservación da natureza.

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Con todo o anteriormente exposto, este Servizo, dentro do ámbito da súa competencia, **propón a autorización previa** para a actuación solicitada, nas seguintes condicións:

### Condicións particulares

1. Deberase respectar as zonas dunares, procurando pisalas o menos posible.
2. Utilizarase os sendeiros e pistas existentes.
3. Respectarase a flora e fauna.
4. Non se poderá guindar ou verter lixo, desperdicios ou calquera sustancia similar. Deberase deixar as zonas de realización da actividade e o seu entorno libre de todo tipo de lixo.
5. Disporase de suficiente persoal de vixilancia e control para garantir o cumprimento do regulado en materia de espazos naturais e flora e fauna silvestres na **Lei 9/2001 de Conservación da Natureza**

Pontevedra, 18 de xuño de 2009

A cargo do Servizo de Conservación da Natureza



## RESOLUCIÓN

Vista a anterior proposta, resolvó

**CONCEDER** autorización previa para realizar a 6<sup>a</sup> proba da XVIII liga galega de orientación o próximo dia 20 de xuño no lugar de Nerga-Donón, no concello de Cangas, dentro dos límites da **zona de especial protección dos valores naturais Costa da Vela**, solicitada por D. Javier Alvelo Fraguela en representación do clube Montañeiros de Pontevedra, de acordo coas condicións particulares anteriormente citadas.